



## Comité Intercentros da Universidade de Vigo

---

### ASISTENTES C.I.

#### C.I.G.

M<sup>a</sup> Jesús Losada Rodríguez  
Cándido Pérez Betanzos  
Federico Fernández Fernández

#### CC.OO.

Manuel Velasco Graña

#### U.G.T.

Arturo Casar Sarasola  
Juan José Fernández Pérez  
José Andrés Zapirain (DS)

### DELEGACIÓN DE VOTO

#### C.I.G.

Rodrigo Alberte Pivida

#### CC.OO.

Victoria Alonso Crespo  
Aser Fernández Rey  
Carmen Serra Rodríguez

#### U.G.T.

Juan José Fernández Pérez

### AUSENTES C.I.

#### C.I.G.

Carlos Mollinedo Lois  
Antón García Fernández

### ASISTENTES CC.EE.

Concepción García Lozano

\*DS- Delegado Sindical

Reunidos no 4º andar do Edificio de Ferro do Campus de Ourense o día 5 de abril de 2006, ás 10:00 horas en primeira convocatoria e ás 10:30 horas en segunda, coa seguinte orde do día:

1. Lectura e aprobación, se procede, da acta anterior.
2. Informe do Presidente.
3. Informe dos representantes do Comité Intercentros nas distintas Comisións.
4. Acordo para incrementar o nº de representantes do CI na Comisión de formación.
5. Execución dos procesos pendentes (prazas RPT 2000, concurso de traslados...)
6. Rogos e preguntas

1. Lectura e aprobación, se procede, da acta da reunión anterior. Á acta non se lle dá lectura porque foi enviada con anterioridade a todos os presentes. Tras solicitar o Presidente a súa aprobación, esta realízase por unanimidade. Antes de pasar ó informe o presidente comunica as delegacións devotos existentes para a presente reunión que neste caso son as debidamente enviadas por Alberte Pivida, que delega en Federico Fernández e Carmen Serra, Victoria Alonso, e Aser Fernández que delegan en Manuel Velasco

2. Informe do Presidente.

O Presidente da conta dos seguintes asuntos:

- Do escrito enviado ao xerente no que se comunica a data e lugar das asembleas que se celebrarán nos tres campus para dar conta da proposta do II Convenio.
- Do informe realizado por FREMAP (asesoramento de ergonomía) sobre o lugar destinado ao préstamo de libros na nova Biblioteca Central de Ourense. O informe solicita a remodelación do mostrador deste servíao ao carecer da ergonomía e da iluminación necesarias.
- Do informe realizado pola responsable de xardinería sobre a tala de determinadas árbores e arbustos no Campus de Marcosende.
- Da situación na que se atopa o delegado da CIG Luís Pérez Gómez. Que malia non concedérselle unha licenza sen soldo neste momento atópase de baixa sen percibir retribución algunha.
- Do escrito enviado po Juanjo Fernández solicitando traslado ao Campus de Vigo por conciliación familiar.
- Da publicación da praza de Técnico especialista en transporte e distribución.
- Da sentenza favorable aos traballadores/as técnicos especialistas en biblioteca que solicitaban o pago do tempo traballado nesta categoría que a universidade llo pagou como auxiliares técnicos de biblioteca.
- Dun mesmo modelo de escrito asinado por distintos directores e directoras de departamentos no que dan o seu apoio a un futuro grupo II de laboratorio.



- Da renovación do convenio entre a dirección xeral de I+D e as universidades públicas de Galicia para manter a contratación existente con unha mellora retributiva.
  
- 3. Informe dos representantes do CI nas distintas comisións e das reunións mantidas polos distintos membros.  
Cándido Pérez e Manuel Velasco dan conta de que o concurso de traslados rematou sen incidencias que destacar.  
O Secretario da conta dun informe, realizado por Aser Fernández, da reunión da Comisión de formación<sup>1</sup> celebrada o día 24 de marzo. Joseá A. Zapirain, que asistiu como delegado da UGT a esa mesma reunión, cualifica de panfleto un escrito entregado aos representantes do PAS asinado polo xefe de RR HH e a xefa de sección do citado servizo.  
Marcos Estevez informa que un candidato ás prazas de técnico especialista de microscopía electrónica recusou a todo o tribunal.
  
- 4. Acordo para incrementar o nº de representantes do CI na Comisión de Formación.  
Acordase que o CI teña un representante máis nesta comisión que será nomeado polo sindicato UGT.
  
- 5. Execución dos procesos pendentes (prazas RPT 2000, concurso de traslados...)  
Acórdase instar a xerencia a convocatoria inmediata das prazas de técnico superior en actividades culturais e a de xestor de actividades culturais.  
Acordase solicitar unha reunión co xerente.
  
- 6. Rogos e preguntas.  
Marcos Estevez pregúntalle ao Presidente do CI se falou co Presidente da Xunta de Persoal en relación coa posibilidade de que os TEB poidan concursar a prazas de axudante de biblioteca.

**Acordos:**

- Solicitar unha reunión coa xerencia
- Instar a xerencia a que convoque as prazas de TE actividades culturais e xestor de actividades culturais.

Fdo: Manuel Velasco Graña  
(Secretario)

VºBº: Cándido Pérez Betanzos  
(Presidente)

---

<sup>1</sup> A información desta reunión quedará anexada a esta mesma acta.